

OS BARES E O SEU SIGNIFICADO CULTURAL

Xerardo Pereiro Perez

Área de Antropoloxía Social

UNIVERSIDADE FERNANDO PESSDA - PORTO-PORTUGAL

Resumen

Trato en este pequeno artículo de analizar desde la Antropología el espacio social y cultural del bar en una villa gallega, Palas de Rei en el caso de estudio. El artículo pasa revista al significado que la categoría "bar" tenía y tiene para sus protagonistas, a su semántica como espacio de relación social fundamental en el contexto de estudio, a las normas culturales de sus usos. También trato de dibujar como los bares sirven para pensar el Tiempo, el tiempo cíclico, estacional, pero también el tiempo intersubjetivo. Finalmente tratamos algunos de sus rituales como son la partida y la invitación.

Resume

Trato neste pequeno artigo de analizar desde a Antropoloxía o espacio social e cultural do bar nunha vila galega, Palas de Rei no caso de estudio. O artigo pasa revista ó significado que a categoría "bar" tiña e ten para os seus protagonistas, á súa semántica como espacio de relación social fundamental no contexto de estudio, ás normas culturais dos seus usos. Tamén trato de debuxar como os bares serven para pensar o Tempo, o tempo cíclico, estacional, pero tamén o tempo intersubxectivo. Finalmente tratamos algúns dos seus rituais como son a partida e a invitación.

1. Introducción

Segundo un recente estudio da Unión Europea⁽¹⁾, España alberga o 90% dos bares da mesma, e á cabeza atópase Galicia: a vila coruñesa de Carballo dispón dun bar cada sesenta habitantes. A nosa vila de estudio, a vila de Palas, aínda que en menor contía, dispón de un bar cada 40 residentes. Estes datos sociolóxicos serven para poñer de manifesto a importancia deste ámbito espacial na área cultural de estudio, importancia e valor do cal son ben conscientes os seus protagonistas:

“Non sei que sería de Palas sin os bares.”

(Home, 27 anos, 17–1–1996)

Neste artigo pretendo poñer de manifesto os múltiples significados outorgados ó espacio do bar e a súa importancia na vila de estudio, os usos dos mesmos, as categorías culturais que serven para definilos, as relacións entre eles, e algúns debuxos

(1) La Voz de Galicia, 20–7–1996, p. 29.

das relacións sociais establecidas neles. O bar⁽²⁾ é un establecemento, pero tamén un símbolo da vida da comunidade, o bar é un sitio no cal se toma algo, se come e se interactúa socialmente. Pero, ademais, o espacio do bar reflicte a estrutura social, a vida económica e os valores culturais da “comunidade” na cal está situado. Para entender o espacio do bar é necesario considerar os binomios traballo/ocio e dentro/fóra⁽³⁾. O traballo, entendido como tempo productivo ocupa boa parte da vida cotiá das persoas ocupadas, como contraposición á sociedade moderna crea o ocio como forma de evasión e distracción, como “tempo libre”. Neste marco o bar ten un papel e valor fundamental. Por outra banda o bar é un dentro e un fóra, un “fóra da casa”, contraposto ó fogar, pero tamén é un “dentro”, un curruncho de encontro entre persoas, e un “fóra” cando se está na terraza ou se domina visualmente a rúa dende o interior do bar. O bar é un espacio interior aberto ó público e decorado, creándose nel un ambiente. É un espacio no cal se celebran pequenos rituais como tomar alcohol, ver un partido de fútbol, etc. Lefebvre⁽⁴⁾ escribe, creo que moi acertadamente, sobre a taberna, sinalando esta como un punto neurálxico da vida social, centro de actividades múltiples, encontros amigables, xogos diversos, informacións e comunicacións. Observaremos como se expresan culturalmente estas concepcións.


2. As categorías culturais dos bares


Falar da categoría “bar” no contexto de estudio implica entender e desenmascarar o seu significado polisémico, é dicir, a categoría “bar” ten un significado amplo outorgado a numerosos espacios: “café, café-bar, casa de comidas, mesón, grella, e mesmo pub”. Na vila de Palas hai uns 25 “bares” ou establecementos categorizados como tales polas xentes da zona. Vexamos que entenden por “bar” na vila de estudio e como denotan o seu concepto. A categoría “bar” engloba e clasifica na vila de estudio a diversas subcategorías, pero “bar” é unha categoría relativamente recente no tempo, xa que ata os anos 60 e 70 deste século XX as categorías usadas para definir espacios con significados similares eran as de “taberna” ou “tasca”, que era un sitio no cal era fundamental o viño que se servía á xente, viño principalmente envasado en “pipos”, “barricas” ou “toneis”; nas tabernas tamén se podían servir comidas, ou café, pero de pucheiro. Outras categorías usadas en anteriores décadas eran as de “fonda” e as de “café”; a primeira era un establecemento dedicado a hospedaxe de clientes e tamén podía servir comidas; a frase clave na vila é a de “daba comidas e camas”. A outra categoría referida, a de “café” (categoría que pervive aínda hoxe, máis con outro significado) representaba un establecemento no cal se servía café de máquina á xente, que se sentaba logo de xantar (entre tres e catro da tarde) a xogar a partida; esta práctica aínda permanece hoxe, como veremos. Hoxe en día as categorías culturais que utilizan os palenses son dos tipos “café-bar”, “o Toural”, “o Central”, clasificacións culturais que se relacionan con:

(2) WRAY MCDONOGH, G. (1992) —“Bars, Gender, and Virtue— Myth and Practice in Barcelona’s Barrio Chino”, en *Anthropological Quarterly* nº 1, vol. 65, p. 29.

(3) GONZÁLEZ ALCANTUD, J.A. (1983) —“Temas de Antropología Urbana. Los Bares”, en *Gazeta de Antropología* nº 2, pp. 11–20.

(4) LEFEBVRE, H. (1971, or. 1970) —*De lo rural a lo urbano*. Barcelona: Península, p. 136.





a. Co servicio, e o ambiente que se crea no bar: “café, bar, café–bar, parrillada, sala de festas, pub”.

b. Co alcume outorgado ó propietario ou usufructuario do bar: “o Toural”, “o Devesa”, “o Santos”, etc.

c. Co alcume asignado polos usuarios dun bar ó mesmo bar, alcume non relacionado directamente co nome ou apelido dos donos ou usufructuarios: “o Chiringuito”, “a Sala” etc .

Desde o punto de vista das estratexias económicas, os propietarios dos bares da vila teñen relación con retornos da emigración en seis casos (investimento de aforros na instalación de regreso e abandono da agricultura como primeira actividade), e con investimentos de aforros de labregos do contorno rural en dez casos (trasladándose a residir na vila) e con investimentos de labregos da vila en nove casos.

3. Usos e significados do espacio

Os considerados “bares” teñen, dende o punto de vista do significado cultural, unha semántica que pretendemos comprender, interpretar e descifrar. Os “bares” son e poden ser connotados culturalmente de moitas formas, pero teñen certos significados compartidos. Un deles é o gastronómico, a un bar pódese ir a tomar ou comer algo. Ese “tomar algo” pode significar almorzar, tomar un pincho, un viño, un café, un mosto, unha cervexa, xantar, cear, etc. pero ten un sentido espacio–temporal básico e específico. Este significado gastronómico está cheo de normas culturais para os vilegos, que teñen por norma xantar e cear na casa. “Fóra”, entendido como en certos bares da vila, xantan ou cean os aldeáns cando veñen ó centro médico ou á feira, os peregrinos, os camioneiros que se deteñen na vila, etc.

Se os vilegos transgreden a norma (agás en celebracións, festividades e invitacións) pode supoñer unha crítica social ó seu comportamento. Pero ós bares da vila tamén se vai ver a televisión (só hai un bar que non ten televisión). Un uso importante desta acción social é a reunión en determinados bares para ver partidos de fútbol e películas de video. Os deportes constitúen un importante evento que reunen a bo número de mozos e adultos, principalmente homes. Xogar ó billar, ás máquinas de marcianiños, ó fútbolín, ás cartas, ler os xornais, charlar cos amigos ou amigas, descansar entre un paseo, mercar tabaco, etc., son accións cun significado en primeira instancia lúdico e de ocupación do tempo libre. Pero nos bares tamén se establecen transaccións económicas (camareiros–clientes), reunións políticas e de traballo (mítnes, acordos políticos), invitacións entre amigos e coñecidos. Outra característica semántica común é que os bares da vila son utilizados como lugares nos cales se colocan anuncios, carteis de festas, esquelas e outras informacións, ó seren considerados como espazos privilexiados para que a información chegue a moita xente. Pero esta imaxe de aparente harmonía non pode ocultar outros significados que teñen expresión no uso e na connotación de determinados bares. Así, temos na vila bares de “arriba” e bares de “abaixo”, os segundos máis perto da praza, en grao descendente de pendente, é así como en calquera das festas da vila, nalgún bar podese dicir “vamos arriba”, os demais entenden por iso o desprazamento a un dos bares da parte alta da vila.

Temos ademais bares do centro e bares da periferia, aínda que a maioría localízanse no principal eixo de comunicación da vila (a Avenida de Compostela e a Avenida de Lugo). Ó mesmo tempo o centro da vila é connotado pola localización no seu contorno de determinados bares. Os bares da periferia da vila son menos usados polos vilegos, e moito máis por xentes de paso. Mesmo algúns bares constitúen verdadeiros centros de expresión da identidade dalgúns barrios, como os do Agro do Rolo. tamén hai na vila bares de novos e bares de “maiores”; esta connotación xeracional está en relación cun mapa cognitivo mental que posúen as persoas, mapa con límites transgredidos nalgúns casos, pero as normas culturais expresan usos privilexiados de bares para novos, e para maiores. Non podemos esquecer o significado político dalgúns bares, connotados polas reunións de políticos e persoas votantes dun mesmo partido. Así hai bares nos cales se reunen os líderes socialistas, os líderes populares, e os líderes nacionalistas. No caso dun bar rexentado por líderes nacionalistas galegos, a súa adscripción política constitúe un límite para que non entren moitas persoas de adscripción política diferente. Pero o bar, alén de constituír un espacio privado aberto ó público, ten unha connotación de xénero, é dicir, o bar constitúe na vila de estudo un espacio no cal se expresa o tipo de relacións entre o xénero masculino e o xénero feminino. En primeiro lugar, e detrás da barra, é o home o que predominantemente establece a relación co público; isto podese relacionar cos alcumes maiormente masculinos que connotan os bares (“o pub de Julio”, “o Toural”, “o Santos”, “Frasco”, “o Devesa”). Compre matizar que só en tres casos dos vinte e cinco un bar é atendido exclusivamente por un home, e noutros dous só exclusivamente por unha muller, polo tanto a maioría dos bares son atendidos por homes e mulleres, maioritariamente matrimonios, pero o que sucede esta en relación co rol adscrito a cada xénero e coa división sexual do traballo. Así, a muller ocúpase da cociña do bar, para preparar comidas ou “pinchos” ós clientes, e o home pasa a maior parte do tempo detrás da barra na relación cos clientes (maioritariamente homes). En canto ás estratexias de axuda, os novos tenden a reproducir o esquema e algunhas normas culturais dos seus maiores, e así son os homes os que atenden ó público detrás da barra e as mulleres as que axudan á nai na cociña, se ben este esquema non é determinista, nin rixido, e, como a cultura, pode cambiar, só é unha guía de comportamento, e por iso hai algúns casos de mozos, que rachan este esquema “tradicional”, e así había ata moi recentemente un pub rexentado por tres mozos varóns, e un rapaz novo que axuda na cociña a servir os pratos preparados ós clientes, son exemplos de pautas de modernidade asumidas por mozos vilegos. Por outra banda, “está mal visto” culturalmente que as mulleres entren soas nun bar a tomar algo, agás se é unha adolescente nas horas pautadas como de lecer (xeralmente as fins de semana), da que se desprende unha imaxe moderna. Deste xeito as mulleres entran acompañadas dunha amiga, irmá, fillos ou co marido. As mozas tamén poden acompañarse de mozos do outro sexo, pero o casamento representa para moitas mozas, algo máis que un rito de paso, constitúe un límite mental que sanciona outro tipo de relacións con persoas do outro sexo. Moitos dos vilegos non se detiveran a pensar no tema ata os meus inquéritos (a normativa cultural pode funcionar independentemente do seu grao de conciencia), e as mulleres vilegas interpretan a incidencia desta normativa cultural como que “non hai ese costume nas mulleres”, “sempre fumos máis aldeanas” (con relación a Lugo e Monterroso), “non hai esa tertulia de mulleres mentras os homes xogan ás cartas”, “as mulleres tamén atenden moitos negocios na vila e teñen uns horarios moi amplios que non lles deixan tempo”, “en Palas tampouco hai moitas empresas, con traba-

lladores que logo da súa xornada laboral alternen nos bares e se atopen coas súas mulleres neles”, “as mulleres saen á compra, atópanse, á misa, pero logo pa casa”. Como podemos observar e introspectar son as propias mulleres, preferentemente as máis adultas, as que xustifican o seu rol tradicional e non cuestionan a construción espacial de xénero, como así fan nalgúns aspectos as mulleres máis novas. Acabamos de ver como un bar é algo máis que un sitio ó que se vai a tomar algo, o significado cultural desborda unha vez máis de significados a un espacio social e cultural como é o bar, ámbito espacial fundamental na vila para o encontro e a relación social.

4. Os bares e o “tempo”

A vida social dos bares e outros referentes simbolizan en que época do ano estamos, que día de semana ou que hora é. Por iso a vida dos bares axuda a entender o tempo cíclico e o tempo cotián da vila. O coche constitúe todo un símbolo da identidade persoal, simbolizando a presenza do seu dono nun dos bares perto de onde está aparcado. E na categoría “tempo”, a diferenza entre “vrao” e “inverno” é simbolizada pola presenza ou non de “terrazas” na beirarrúa, de “toldos” que se estenden para protexer do sol ás persoas que nelas se sentan. As “terrazas” máis solicitadas son as da Avenida de Compostela, a rúa percibida como centro da vila no tramo entre o Cruce e a Praza. As “terrazas” comezan a colocarse a finais de maio e primeiros de xuño, e retíranse a finais do mes de setembro, son un símbolo do verán, do bo tempo climático, do regreso dos emigrantes, do aumento dos visitantes e as festas. Como vemos, o tempo cíclico anual é culturizado e expresado a través de categorías e símbolos. A categoría “vrao” é expresada simbólicamente a través da colocación de terrazas e toldos no tramo de beirarrúa achegada ós bares, outro símbolo é a presenza na vila de peregrinos que fan o Camiño de Santiago, presenza moi notoria nos meses de verán e que connotan o tempo de “vrao”. Pero alén do tempo anual, a semana ou tempo semanal é significada mediante as categorías “pola semana” (luns a venres) e “fin de semana”. “Pola semana non hai ninguén” adoita escoitarse, pois hai persoas que traballan e estudian noutras vilas e cidades, “pola semana é día de garabullos” di un home de 60 anos. Sen embargo na “fin de semana” a poboación da vila aumenta co regreso dos estudantes e persoas que traballan “fóra” e as interaccións aumentan e intensifícanse. En relación cos bares, un día de semana acoden menos persoas ós bares da vila, a excepción dun día de feira “pola semana”. As casas de comidas son as máis favorecidas “pola semana”, pois a elas acoden obreiros, camioneiros e outras xentes de paso. Nas “fins de semana” a vida nos bares intensifícase, é cando o significado do bar como lugar de encontro intensifícase. Os venres pola tarde comezan a chegar “os vilegos da fin de semana” e xa pola noite, ó redor das oito da tarde, os bares experimentan unha maior presenza de xente, que está a tomar os viños, ritual que veremos con algo de detalle un pouco máis adiante na nosa exposición. O venres pola tarde é un anticipo da fin de semana, a animación aumenta, o intercambio de saúdos entre xentes que non se encontraran “pola semana” etc., debuxan na vila un esquema temporal binario e que ten a súa fronteira no venres. O sábado e o domingo son os días nos cales os bares teñen máis clientela. Os mozos saen a divertirse os sábados pola noite, e algúns pubs da vila abren as súas portas; ademais os bares constitúen verdadeiros centros de reunión onde os novos “quedan” antes de desprazarse en coche á veciña vila de Melide (A Coruña) a 15 Kms, para alí percorrer os seus bares,

pubs e discotecas. Ademais os sábados e os domingos, “a partida” á hora do café (tres ou catro da tarde) adoita prolongarse máis, porque xeralmente a xente non traballa, polo que nos bares nótase unha maior presenza de persoas, tamén de persoas xogando e relacionándose. Os domingos, logo da misa dominical da mañá, os vilegos acoden ó “vermú” e ó “mosto” nos bares, e está normalizado que os percorridos dos “viños” os fagan matrimonios. A fin de semana é a outra cara da vila:

“En Palas non hai nin dios pola semana,
non hai ninguén, o que pasa é que algúns
somos moi aficionados a vir as fines de
semana, bastante aficionados” .

(Home, 35 anos, 16–12–1995)

Finalmente o bar pode ser un espacio para pensar o tempo cotián ou diario. O tempo cotiá é ordenado pola cultura, e na vila de estudio este tempo distingue un día de “pola semana” dun día “festivo” e dun “día de feira”. Uns poucos bares na vila abren as súas portas ás sete ou sete e media da mañá, os primeiros almozos son servidos ós madrugadores clientes; práctica na zona é a sanción moral de quen non madruga; madrugar é un dos signos da categoría “traballador”, e quen non madruga é condenado discursivamente mediante expresións afirmadas no contexto do bar; son do tipo:

- “Pareces un señor”. “Ergueste como os señores, e mira que guapiño vén e tal”.
- ¡Madrugamos, eh!”(con retranca).
- “¡Ai, hoxe madrugaches!”(con retranca).

A retranca é na súa materialidade o dobre pecho dunha porta, pero verbalmente é un dobre sentido usado nos contextos anteriores como sanción moral contra a “preguiza”, afirmando o contrario do que realmente cremos que sucedeu, pero esa afirmación implica unha segunda intención; é unha arma expresiva, aínda que tamén pode ser unha defensa. Tamén pola mañá os xornais repártense entre os bares da vila, xornais que pode ir ler algunha persoa no descanso do seu traballo; lembremos que na vila hai numerosos funcionarios con xornada laboral de mañá e que á media mañá poden dispoñer dalgúns minutos de tempo libre, que adoitan ocupar tomando algo nalgún bar. Pouco antes de xantar (ás dúas da tarde) podemos observar como algunhas persoas (maioritariamente homes) toman algo nos bares, pauta denominada “tomar un viño”, “tomar un pincho” ou “ir de viños”. Logo de xantar, a partir das tres da tarde, os bares son connotados pola “partida” e o “café”. As catro os comercios volven abrir as súas portas, pero os que só traballan pola mañá continúan coa “partida”. De novo a partir das oito da tarde a pauta é “tomar un pincho” antes da cea, pauta que pode ir unida á reunión de persoas para ver o partido de fútbol televisado. “Pola semana” os bares da vila pechan as súas portas o redor das doce da noite, e as fins de semana un pouco máis tarde. Observamos cómo o espacio do bar se relaciona coa ordenación cultural do tempo, e a variable do tempo serve para entender a lóxica do espacio social, do espacio entendido como sitio con significados. As dúas variables, espacio e tempo, son connotadas culturalmente. Veremos a través de exemplos etnográficos estas últimas consideracións.

5. Xogar “a partida”

Esta práctica social ten nalgúns bares da vila o seu espacio privilexiado. A hora é a do “café”, despois das tres ou catro da tarde. Referímonos ás partidas de cartas que reúnen de cotío ás mesmas persoas nalgúns dos bares. Tamén pode ter lugar a esa hora algunha partida de dominó, aínda que o xogo da baralla é o que máis se practica. As partidas reúnen predominantemente e case exclusivamente a homes; lembremos a adscripción dos ámbitos espaciais segundo as normas da construción dos xéneros:

“Os homes teñen a partida, o traballo,
o bar e o fútbol; as mulleres non teñen
nada, a casa, a misa e a calceta” .

(Muller, 27 anos, 29-1-1996)

A composición dos cuartetos de xogadores connota ó bar como de novos ou de adultos, e así “pola semana” hai unha partida de novos e varias partidas de adultos. A partida dos mozos comeza ás tres da tarde aproximadamente, e adoita rematar ás catro, e logo os mozos marchan ás súas casas ou ó seu traballo. Entre os novos pode xogar algún home corenton pero non un vello: estamos ante un exemplo de distancia xeracional. Esta distancia xeracional está en íntima relación coa celebración de partidas dos distintos grupos xeracionais en diferentes bares, contribuíndo así a connotar os bares como de novos ou de adultos. As partidas dos adultos que non traballan pola tarde adoitan comezar ás catro da tarde e prolónganse ata as seis e media ou as sete do serán. Este esquema binario (partida de novos/partida de adultos) supón un cambio respecto ó esquema de mediados deste século: partidas de señoritos/partida de campesiños, esquema social percibido e reflectido na memoria histórica das xentes de Palas. Esta práctica social regular e regulada vén precedida de saúdos de recoñecemento e encontro⁽⁵⁾, norma formal de educación na cal intervén o ritual do xesto e a palabra, logo séntanse na mesa da partida e pídenlle un café ó camareiro. A partida pode ser compartida por observadores que seguen o xogo e participan con algún comentario. O xogo de baralla elixido (tute, mus, birisca), os compañeiros cos que se xoga, a mesa e o asento, as normas para coller ou botar cartas ou fichas, os códigos proxémicos e kinésicos⁽⁶⁾, todo é ritualizado e ordenado no tempo e no espazo. A partida constitúe unha metáfora da vida cultural da vila: competencia, solidariedade, orde social, división social de xénero. Un elemento clave que envolve o ambiente da partida é a agresividade verbal entre os seus compoñentes:

- “¡Parecedes ferreiros, se non animo eu esto, non hai quen...!”
- “¡Peito lobo, moito lle petas!”(a un que apostaba moito).
- “¡Cazador!”(a un que vestía un chaleque verde).

(5) GOFFMAN, E. (1979, OR. 1971): Relaciones en público. Madrid: Alianza, p. 80 e ss.

(6) LISÓN TOLOSANA, C. (1992). La imagen del Rey. Monarquía, realeza y poder ritual en la casa de los Austrias. Madrid. Espasa-Calpe, p. 141.

– “¡As cuarenta, coño!” , “–Bota o as, carallo!”
“¡Que coma o demo á sota!” , “¡Me cago en quen
pariu ó cabalo!”.

Carmelo Lison⁽⁷⁾ fala da agresividade dos galegos na comensalidade, nas regueifas e noutros contextos, e o da partida é un deles, pero alén da agresividade a partida supón en moitos casos un espacio social de intercambio de información sobre o que sucedeu na vila, de sanción moral para determinadas accións dos veciños, e de crítica política. Outro elemento clave da partida é a invitación ós cafés e ás consumicións feitas durante a partida; *a norma na vila é que pague un dos da parella que perdeu a partida*. Neste caso a invitación é expresión do recoñecemento da derrota, é o xogo quen decide o invitador, ser invitado vén ser o premio dos gañadores. Pero a invitación pode tamén producirse noutros contextos:

- a. Cando alguén paga o que esta tomando outra persoa coñecida no mesmo bar, pero coa cal non chegou incluso a intercambiar un saúdo ou a manter unha mínima conversa.
- b. Cando alguén paga o que está tomando unha persoa coa cal comparte o tempo, unha conversa, un encontro, etc.

Nestes dous contextos a invitación está en relación co recoñecemento e o agradecemento á persoa invitada, persoa coa cal o que invita mantén certo tipo de relación de identidade (veciñanza, amizade...). Pero a invitación tamén vén influída por outros factores, como a idade ou o estatus socio-económico. E por iso tende a invitar a persoa de máis idade ou o que ten un máis alto estatus socio-económico na xerarquía social (situación laboral, posición de clase, propiedades, estudos...); alén diso a tendencia na vila é que o home invite á muller. En contra do anteriormente dito falan as pautas “modernas”, que tenden a cambiar as que anteriormente eran dominantes, e así algúns grupos de mozos con aparente igualdade de estatus socio-económico tenden a reafirmar a súa equidade establecendo a pauta dun “fondo común” ou “fondo” ó cal todos achegan a mesma cantidade de cartos, e é unha das persoas do grupo quen administra ese fondo á hora de tomar algo, adquirindo o rol de “tesoureiro”. Aínda que esta pauta non é moi común na vila, si é algo máis frecuente entre os mozos cando se desprazan a divertirse á veciña vila de Melide; é alí onde se realiza máis habitualmente esta práctica do “fondo”. Outra pauta que podemos cualificar de “moderna” é permitir que a muller pague invitacións nos bares, algo que non adoita producirse, e cando se produce ten lugar entre os mozos.




6. Conclusións

O bar, espacio privado aberto ó publico, e unha categoría espacial que expresa normas morais. O bar constitúe un lugar de encontro, de intensa sociabilidade. Na vila, estes locais connotan significativamente o “centro” da vila, e o centro éncheos dunha gran sig-


(7) LISÓN TOLOSANA, C. (1981, or. 1974). Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega. Madrid: Akal, pp. 29–60.

nificatividade, creando unha clasificación xerárquica, ademáis son espazos xeracionais, espazos de contido político, e tamén espazos dos homes dende o punto de vista do xénero. Todos estes significados veñen expresados por límites mentais que inclúen a uns e exclúen a outros. Vimos tamén como os bares son símbolos que expresan a orde temporal (“pola semán”, “fin de semana”, “festivo”). A relación entre eles une puntos de percorridos de viños e de paseos, así temos bares de “arriba” e bares de “abaixo”(categorías formais do espazo). A memoria histórica volveu revelar unha maior comprensión destes espazos, e así descubrir os cambios de valores. E finalmente vimos como o bar é un espazo de intensas interaccións ritualizadas cunha lectura que permite aclarar o entendemento deste espazo polisémico.

Situación de Palas de Rei en Europa



Situación de Galicia na Península Ibérica



Situación da comarca da Ulloa en Galicia

